

CURSO ACADÉMICO 2021-2022

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS (IESP AMES)

PROFESORADO DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA O CURSO 2021-2022

DONA LUCINDA SOUSA DOPAZO (XEFA DE DEPARTAMENTO)

DONA ISABEL QUINTÁNS RODRÍGUEZ

DONA MARINA CONSUELO FERNÁNDEZ MONTOTO

DONA MARÍA CONSUELO MAHÍA ESPIÑEIRA

DONA PILAR SANTIAGO LÓPEZ

DONA PAULA FIGUEIRAS CARBALLO

DONA INÉS VERÁN PAIS

ÍNDICE PAXINADO

- Introducción e contextualización. Desenvolvemento da programación ... 4
- Niveis ... 8
- Información ao alumnado e pais... 9
- Concrecións metodolóxicas da materia ... 9
- Materiais e recursos didácticos ... 11
- Proxecto Lector ... 14
- TIC ... 17
- Competencias clave ... 19
- Instrumentos da avaliación ... 20
- Medidas de atención á diversidade ... 21
- Criterios de cualificación ... 21
- Criterios de promoción ... 27
- Probas extraordinarias. Estrutura da proba 28
- Actividades de seguimento e avaliación de pendentos ... 30
- Procedemento a seguir por copiar nos exames ... 31
- Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos (Bacharelato) ... 31
- Avaliación inicial ... 31
- Actividades complementarias e extraescolares ... 32

- Elementos transversais ... 33
- Accións para a contribución ao plan de convivencia ... 35
- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ... 35
- Avaliación da programación ... 37
- Obxectivos da ESO...41
- Programación 1ºESO ... 45
- Programación 2ºESO ...70
- Programación 3º ESO ... 100
- Programación 4ºESO ... 118
- Obxectivos do Bacharelato... 156
- Programación 1ºBacharelato ... 158
- Programación 2º de Bacharelato ... 178

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

O concello de Ames, na provincia de A Coruña, atópase na comarca natural de Amaía limitado cos municipios de Santiago de Compostela, Teo, Brión, A Baña e Val do Dubra. Ten unha extensión de 94 km sobre a que se distribúen as súas 116 entidades de poboación e 11 parroquias. Os dous núcleos de poboación principais son Bertamiráns e O Milladoiro, que concentran máis do 60% dos aproximadamente 30.267 hab. do concello.

As características urbanas actuais do concello son relativamente recentes e contrastan coa tradicional estrutura económica e demográfica dun concello rural como o foi Ames ata os anos 1990. A partir de entón, o concello vese afectado por un proceso de metropolización con orixe en Santiago de Compostela: a proximidade a esta cidade xunto co menor prezo do solo, fixo que Ames absorbese parte do crecemento da capital, que se dirixiu principalmente aos núcleos de Bertamiráns e O Milladoiro. A expansión do fenómeno urbano fai que as características deste se mesturen coas dun medio rural de baixas densidades e usos agro-gandeiros do solo.

A poboación

A situación de Ames na área urbana de Santiago de Compostela explica en grande medida o enorme crecemento de poboación desde a década dos 90, que pasa de apenas 10.000 hab. en 1991 a máis do triplo no 2015. Nos últimos catro anos, a taxa de crecemento diminúe pero segue a manter números positivos, que o sitúan como un dos municipios galegos máis dinámicos en termos demográficos. Polo que atinxe ao ámbito educativo, a presión do crecemento do alumnado obriga a un coñecemento profundo sobre o estado do sistema educativo coa finalidade de identificar as debilidades e necesidades, e planificar solución.

Con respecto ao nivel académico dos pais e nais de Educación Primaria, predominan as ensinanzas universitarias que no caso das mulleres case acadan o 50% e no caso dos homes o 40%. Existe, polo tanto, un maior nivel académico por parte das nais, froito do incremento das mulleres na educación superior nas últimas décadas. En canto á Formación Profesional, a porcentaxe representada polos pais é sensiblemente maior á das nais cun 22,1% fronte un 16,52%.

No referido á Educación Secundaria, existe semellanza na porcentaxe representada se suman a primeira etapa e a segunda de Educación Secundaria, pero vemos como no caso das nais é máis habitual acadar o nivel máis alto, aínda que non se continúen cos estudos. Só un 12,19% no caso dos homes e un 9,13% no caso das mulleres remataron os seus estudos na Educación Primaria. Así pois, o nivel educativo dos pais e nais é relativamente alto, debido, en parte á chegada nos últimos anos de poboación nova vinculada a traballos cualificados na capital de Galicia.

Centros educativos públicos de Ames

A oferta educativa municipal de Ames contempla dúas escolas infantís (O Bosque e a Madalena); dúas escolas unitarias (A Igrexa e Covas); unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); tres centros educativos de infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e CEIP A Maía); un centro educativo de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de ensino secundario (IESP de Ames e o IES de Milladoiro.)

O IESP de Ames ten adscritos os seguintes centros: CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e o CEIP a Maía.

No curso 2021/22 aplícase a Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) en todos os cursos da ESO e de Bacharelato O **decreto 86/2015, do 25 de xuño**, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Coa finalidade de establecer as condicións propicias para afondar nos cambios metodolóxicos necesarios para alcanzar aqueles obxectivos, a **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, deulle unha nova redacción ao artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. O currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa; as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

A nova configuración curricular da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no sistema educativo galego establece o agrupamento de **materias** en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. O currículo, así mesmo, regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as competencias clave nas diferentes materias.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as **competencias clave** para a aprendizaxe permanente considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral.

As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias constrúense a partir dos **criterios de avaliación**, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

En cada materia, os **contidos** agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O **enfoque metodolóxico** deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas. Tamén se ten en conta o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

A **Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliáveis. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Finalmente, no curso 2021/2022 manterase en vixencia o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 seguindo as instrucións da Resolución do 10 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19 . Por todo iso, para todos os cursos desta Programación Didáctica contémplanse tres posibles escenarios en función da situación sanitaria: **ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.**

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

No caso de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, todos os estándares de aprendizaxe serán considerados imprescindibles, aludindo ao seu grao mínimo, como aparecen desenvolvidos en cada un dos cursos desta Programación Didáctica, para lograr a adquisición das competencias clave.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, en calquera dos tres escenarios contemplados será unha avaliación diagnóstica, continua, formativa e integradora. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final da materia son os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que aparecen reflectidos nesta Programación Didáctica.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

No caso de actividade lectiva presencial serán os que aparecen para cada curso desta Programación Didáctica. De producirse un ensino semipresencial e/ou non presencial, seguiríase tendo en conta, igual que na actividade lectiva presencial, tanto o traballo realizado (desde a casa, nese caso, e entregado en tempo e forma solicitado polos docentes) como as probas escritas presenciais. Só no caso de que non se puidesen realizar probas escritas presenciais o profesorado podería optar por probas telemáticas. Para as probas telemáticas poderíanse solicitar comprobacións de autenticidade naqueles casos onde se detectasen incoherencias

METODOLOXÍA DIDÁCTICA NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

Neste caso, para garantir a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua, o deseño das tarefas adaptaríase para ser realizadas a través de medios telemáticos:

- Preferentemente aula virtual
- Clases con videoconferencia

- plataformas das editoriais con recursos para o alumnado e uso das versións dixitais dos materiais sempre e cando as distintas editoriais proporcionen licencias dixitais de ditos materiais.
- Outras plataformas e ferramentas dixitais: edmodo, kahoot, socrative, remind, ...

MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN

O Plan de Continxencia do IESP Ames é o marco establecido no caso dunha actividade lectiva non presencial

- NIVEIS QUE SE IMPARTEN NESTE CURSO 2021-2022

PRIMEIRO CICLO DE E.S.O.

1º DE E.S.O.

2º DE E.S.O. CON UN GRUPO NUN PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E RENDIMENTO

3º DE E.S.O. CON UN GRUPO NUN PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E RENDIMENTO

SEGUNDO CICLO DE E.S.O.

4º DE E.S.O.

BACHARELATO

1º BACHARELATO

2º BACHARELATO

PLAN PLURILINGÜE EN TODOS OS NIVEIS DA ESO

O IESP Ames forma parte da rede de centros plurilingües polo que no primeiro e segundo ciclo de ESO desenvolverase un plan Plurilingüe. As materias Paixase e Sustentabilidade, Obradoiro de música e Hábitos saudábeis (1º ESO) e as materias de Xeografía e Historia (4º ESO), Bioloxía, Física-Química (3ºESO) e Educación Física (2ºESO) serán impartidas en lingua inglesa.

- INFORMACIÓN AO ALUMNADO ES PAIS

O primeiro día do curso, no acto da presentación, cada profesor do departamento informará detalladamente aos alumnos e alumnas de tódolos aspectos da programación da materia. Dedicarase, xa que logo, unha parte importante da primeira sesión a mostrarlles basicamente os contidos obxecto de estudo incidindo sobre todo nos mínimos, a súa temporalización, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación (tipos de probas), os criterios ou sistema de cualificación e o programa e/ou actividades de reforzo e recuperación de pendentes.

Así mesmo, para completar este apartado, cada membro do departamento, entre outras indicacións que considere pertinentes (incluídas respostas ás posibles preguntas ou dúbidas do alumnado sobre o desenvolvemento xeral da materia nas clases). No caso de que o departamento teña previsto realizar actividades complementarias e extraescolares, aproveitaría ese primeiro día para avanzarlles aos alumnos e alumnas información ao respecto.

Tamén, naturalmente, cada profesor indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se cómpre, asesoralo para que adquira o máis adecuado.

Finalmente, daráselle unha breve información sobre a bibliografía que pode consultar para, chegado o caso, completar o estudo da materia e ofreceráselle a posibilidade de consultar a programación didáctica da materia no propio departamento, tanto ao propio alumno coma aos pais. Asemade publicárase un resumo dos criterios de cualificación na páxina web do centro.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

- No tratamento da materia primará un enfoque comunicativo, polo que os elementos do currículo defíniranse sempre en base aos procesos de comunicación aos que van encamiñados, adecuándose no caso concreto da etapa de Secundaria e da etapa de Bacharelato ás características e as necesidades do alumnado.

Integrando todos estes aspectos e partindo desta idea, o currículo estrutúrase ao redor de actividades de lingua tal como estas descríbense no Marco de Referencia Común Europeo: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

- A metodoloxía centrarase no alumno, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que este debe asumir no proceso para que adquira as diversas competencias implicadas na comunicación e, desenvolva a capacidade de pór todas estas competencias en práctica de maneira conxunta para producir e procesar textos orais ou escritos adecuados aos contextos de actuación correspondentes.

- A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.
- Incidirase ademais de maneira especial no aproveitamento didáctico de recursos dixitais, entendidos como unha ferramenta esencial para iniciar ao alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe
- Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

De xeito máis específico, relaciónanse as principais estratexias a desenvolver no proceso de aprendizaxe:

- Transmitirlles aos alumnos un vocabulario útil e necesario para comunicarse en inglés..
- Axudar os alumnos a comprender a gramática inglesa e utilizar a lingua de forma correcta, sobre a base de explicacións claras e unha práctica progresiva que vai de conceptos sinxelos a outros máis complexos.
- Trasladarlles aos alumnos aspectos da cultura dos principais países de fala inglesa e propiciar unha comparación coa súa propia cultura a través dos textos do método
- Plasmar o mundo real máis aló da aula coa axuda de textos e seccións informativas, dentro das unidades
- Proporcionarlles aos alumnos ferramentas para expresarse, tanto de forma oral coma por escrito, acerca de temas que lles resultarán interesantes e motivadores. Ofréceselles, non só a práctica necesaria, senón tamén axuda para preparar tanto textos orais coma escritos.
- Darlles aos alumnos a oportunidade de reciclar e repasar o vocabulario e as estruturas que van aprendendo con tarefas de repaso
- Permitirlles aos alumnos avaliar o seu propio progreso utilizando os diferentes exercicios de autoavaliación de todas as unidades.
- Facer posíbel que os alumnos se conviryan en mellores estudantes de idiomas, e tamén máis independentes. Anímaselles a utilizar as seccións de referencia (apartado de gramática, listas de vocabulario...), así como compoñentes multimedia para practicar na casa.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS PARA O CURSO 2021-2022

PRIMEIRO CICLO DE E.S.O.

1 º E.S.O.

NEW ENGLISH IN USE 1º Editorial Burlington

STUDENTS' BOOK

WORKBOOK NEW ENGLISH IN USE

2 º E.S.O.

STUDENT'S BOOK: MOSAIC 2 , editorial Oxford

WORKBOOK (ENERGIZE 2.Editorial Oxford)
STUDENT'S WEBSITE (www.oup.es /Oxford Learning Zone)

3 º E.S.O.

INTERFACE 3 Editorial Macmillan

STUDENT'S BOOK

WORKBOOK CON CDS

STUDENT'S WEBSITE

SEGUNDO CICLO DE E.S.O.**4º E.S.O.**

ENERGIZE 4 Editorial Oxford

STUDENT'S BOOK

WORKBOOK

WEBSITE (Oxford Learning Zone)

BACHARELATO**1º DE BACHARELATO**

KEY 1 2ED Editorial Oxford

STUDENT'S BOOK

WORKBOOK

WEBSITE (Oxford Learning Zone)

2º DE BACHARELATO

OUT AND ABOUT 2 Editorial Cambridge

STUDENT'S BOOK

WEBSITE

AUGMENTED REALITY APP. (trátase dunha aplicación que permite, tras escaneo da portada de cada unidade, acceder a recursos multimedia no teléfono móbil ou na tableta)

O LIBRO DE EJERCICIOS TEN QUE SER NOVO: NON SE ADMITEN LIBROS DE EJERCICIOS PRESTADOS QUE FORON XA USADOS. TAMPOUCO AQUELES QUE ESTEAN BORRADOS.

MATERIAIS COMPLEMENTARIOS

Ademais dos materiais didácticos mencionados anteriormente, empregaransen outros complementarios: dicionarios, enciclopedias, revistas, filmes en inglés con subtítulos en inglés, cancións, vídeos culturais sobre países de fala inglesa, libros de lectura, etc.

Primeiro de E.S.O.

Teacher's Guide

Teacher's Resource Book
Games Pack

DVD

CD

Segundo de E.S.O.

-Digital book

. Pósters atractivos e prácticos con actividades para realizar na clase.

. *Flashcards* sobre temas culturais, encadernadas en espiral, con información e preguntas na cara posterior.

-Welcome to Britain DVD

. Nove capítulos filmados en Gran Bretaña para ampliar os seus coñecementos socioculturais, que se centran na comprensión oral, na gramática e na linguaxe funcional.

. Un pequeno caderno con tres follas de traballo individuais para cada capítulo.

3º e 4º de E.S.O.

Website Inclúe actividades, xogos, proxectos, un blog, etc.

DVD Contén un episodio tipo documental por cada unidade do Student's Book.

Para os cursos de Bacharelato:

Website Para estimular a aprendizaxe autónoma do alumnado con actividades de vocabulario, gramaticais, pronunciación, video, e de comprensión oral.

Aplicación VOCApp Uso dunha aplicación VOCApp para practicar o vocabulario, a pronunciación, realizar traducións, etc. nun smart phone.

PROXECTO LECTOR

Todos os materiais anteriormente descritos e que serán os instrumentos de traballo a empregar inclúen recursos de lectura variopintos que se axustan ós obxectivos previstos no Plan Lector. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, etc. Asimesmo os soportes son tanto de tipo impreso como electrónico. A metodoloxía mencionada máis arriba abrangue todo tipo de recursos, tanto recursos en soporte impreso coma recursos en soporte electrónico. Por

outra banda fomentárase entre o alumnado o uso dos recursos existentes na biblioteca. Na sección de Inglés da biblioteca ofrécese unha extensa gama de lecturas con diversos niveis de dificultade que se adaptan ás distintas competencias lingüísticas do alumnado.

A continuación relaciónanse actividades a realizar dentro do Plan Lector:

- LECTURAS STUDENT'S BOOK E WORKBOOK

Traballaranse as lecturas incluídas nas unidades didácticas do libro do alumno e do cuaderno de exercicios alomenos unha hora presencial na clase e 4 horas non presenciais repartidas nos restantes 4 días da semana (é dicir, estas lecturas serán asignadas en calidades de deberes para a casa).

As actividades realizadas centráronse en vocabulario, preguntas de comprensión, verdadeiro e falso, etc.

- LIBROS DE LECTURA

Durante o curso, poderanse ler distintos libros (versións abreviadas ou non), tanto na aula coma fóra. Estas lecturas poderán ter carácter obrigatorio e/ ou opcional, segundo o caso.

Os libros que se propoñan como lecturas opcionais e voluntarias poderán axudar a subir a nota do alumnado que as realice, sempre e cando a avaliación xa estea aprobada sen contar a nota do libro de lectura. A lectura opcional dun libro poderá sumar ata un máximo de 0,5 puntos sobre a nota de avaliación.

O profesorado implicado propondrá algúns libros axeitados para o alumnado e poderá aceptar propostas do mesmo, se o estima oportuno. O alumnado interesado nas lecturas voluntarias terá que anotarse no tempo e forma que determine o seu/ a súa profesor/a.

Entre as probas que se poderán realizar para avaliar e valorar a lectura e comprensión deses libros lidos poderíamos citar as seguintes: presentacións orais ou escritas sobre diversos aspectos do libro que se requiran, entrevistas co/a profesor/a, probas escritas de comprensión, análise, valoración, tipo test, elaboración de escenarios alternativos (personaxes, acontecementos, finais..), entre outras.

En xeral, poderase utilizar calquera proba se que considere oportuna para verificar e valorar a lectura comprensiva e efectiva das obras propostas como lecturas opcionais.

Fomentárase a lectura de libros axeitados ao nivel de cada alumno. Na biblioteca e no Departamento de Inglés existen estes recursos. Posibles lecturas serían:

The Three Musketeers (A. Dumas)

Strange Tales from Great Britain (M. Sinclair)

- XORNAIS, REVISTAS, DICIONARIOS

Búsqueda de palabras descoñecidas e aprender a elixir a acepción correcta e axeitada para o contexto.

Fragments de páxinas de “The Times” , “The Sunday Times”, etc. identificaranse palabras coñecidas para poder entender parte da mensaxe.

- ACTIVIDADES DE CREACIÓN

Elaboración de pósters, revistas, guías turísticas, etc. en diversos tipo de soportes. - RECURSOS AUDIOVISUAIS

CD de audio e DVD dos métodos utilizados en cada nivel. Realizaranse actividades como :

- Preguntas de comprensión

- Verdadeiro ou falso

- Vocabulario

- RECURSOS ELECTRÓNICOS

Levaranse a cabo tarefas en distintas páxinas de Internet. Algunhas delas son páxinas das propias editoriais dos métodos usados, outras son páxinas relacionadas cos intereses da materia..

TÉCNICAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira. ▪ Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas. ▪ Facilitar o acceso á información en soporte dixital. ▪ Investigar e contrastar información. ▪ Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais. ▪ Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc. ▪ Crear documentos en formato dixital. ▪ Descargar e compartir recursos.
Recursos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conexión a Internet ▪ Sala de informática

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ordenadores, tabletas, <i>netbooks</i>, portátiles ▪ Lousa dixital
Programas / Aplicacións:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Páxinas web ▪ Wikis ▪ Procesadores de texto ▪ Ebooks ▪ Blogs <p><i>Google sites</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Redes sociais

Neste proxecto didáctico empregaranse as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula. Os materiais didácticos xa mencionados nas páxinas precedentes comprenden multi-roms interactivos e tamén páxinas web, que serán instrumentos de traballo fundamentais para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

Así mesmo ofreceráselle ao alumnado a posibilidade de realizau os traballos de creación en soportes dixitais (por exemplo utilizando presentacións en Powerpoint,

Prezi, Emaze). Deste xeito a aplicación das TIC ao traballo de aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. O alumnado practicará e familiarízase co funcionamento de varias competencias dixitais e informáticas empregando os compoñentes dos métodos didácticos. Relaciónanse a continuación algúns deses instrumentos TIC:

- Páxina web como *Online Learning Zone* da editorial Oxford.
- The World Wide Web a través de Internet.
- As pizarras interactivas (*Interactive whiteboards*).
- Blogs, por exemplo: <http://edublogs.org>, <https://blogger.com/start>
- Wikis ou páxinas web creadas e editadas por un grupo de xente, por exemplo: - *Podcasts* ou arquivos de audio e video que poden ser vistos ou escoitados no ordenador, en mp3 e en algúns teléfonos móbiles.

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe da área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística (CCL)* complementando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.
- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia dixital (CD)* ao utilizar a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica, creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.
- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia de aprender a aprender (CAA)* ao contribuír á mellora da capacidade comunicativa xeral. Por iso a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia

daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia social e cívica (CSC)*, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades destas. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.
- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)* en tanto que as decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Asimesmo, na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.
- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)* xa que as producións lingüísticas que se utilizan conteñen un compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación empregados serán basicamente os seguintes:

- ✓ exercicios de control para o traballo das destrezas : *reading , writing, speaking e listening*
- ✓ probas puntuais
- ✓ probas trimestrais (orais e escritas)

- ✓ observación do traballo diario en clase e fora da clase para avaliar tanto o traballo individual como colectivo.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE- Nos grupos onde se atopen distintos niveis e distintas capacidades, o material que se empregue no proceso de ensinoaprendizaxe debe proporcionar a tódolos alumnos/as a posibilidade de acadar o éxito axeitado ó seu propio nivel de capacidade. Para acadar isto, se programan actividades complementarias a tres niveis: reforzo, consolidación e ampliación. Tódolos alumnos/as deberán realizar as tarefas de consolidación. Aqueles máis adiantados poderán realizar tamén as actividades de ampliación e os que teñen máis dificultades farán as actividades de reforzo.

- No libro do alumno escollido se inclúen de xeito habitual proxectos que permiten expresarse con creatividade tanto a aqueles alumnos con dificultades como a aqueles con máis nivel de inglés.
- O profesorado proporcionará ó alumnado actividades extra tanto para aqueles alumnos con dificultades que deberán traballar máis a fondo os contidos básicos e actividades máis avanzadas para aqueles alumnos/as que superen o nivel medio do grupo.
- Haberá actividades de reforzo que proporcionarán unha práctica complementaria de aspectos lingüísticos que a meirande parte do alumnado xa ten traballado e entendido.
- As actividades de ampliación teñen un alcance máis amplo e van máis aló dos obxectivos mínimos de cada unidade. Dirixense a aqueles alumnos/as que teñen un coñecemento do idioma claramente por riba da media.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Contidos: Comprensión escrita

Expresión escrita

Comprensión oral

Expresión oral

Coñecemento da lingua

A súa valoración farase mediante probas e tarefas individuais ou en parellas ou grupos.

A porcentaxe que ocupará a cualificación dos contidos dentro da cualificación global de cada ciclo avaliativo será un 90% que será distribuído do seguinte xeito:

- ESO E 1º BACHARELATO (todos os escenarios)

- Instrumentos de avaliación: **probas 90%, traballo e actitude 10%**

- Criterios de cualificación

(estándares da comprensión oral) 10%

(estándares da expresión oral) 10%

(estándares da comprensión escrita) 10%

(estándares da produción escrita e do coñecemento da lingua) 60%

Writing:25%

Grammar:25%

Vocabulary:10%

É obrigatorio realizar as correspondentes probas para todos os contidos mencionados. No caso de partes deixadas en branco ou non realizadas, se descontará 1 punto a calificación final de todos os contidos.

- SEGUNDO BACHARELATO

(estándares da comprensión oral) 10%	}	90%
(estándares da expresión oral) 5%		
(estándares da comprensión escrita) 15%		
(estándares da produción escrita e do coñecemento da lingua) 60%		
Actitude e traballo	}	10%

Modelo proba:

Question 1: summary – True/False – Find the words (1,5) summary: 0,7, T/F:0,4, find words:0,4

Question 2: Pronunciation – Transformations (1,5) pronunciation: 0,6 transformations: 0,9

Question 3: Grammar and vocabulary (O&A) (2,5) grammar: 1,75; vocabulary: 0,75

Question 4: Writing (2)

Question 5: Listening (1)

Question 6: Speaking (0,5)

É obrigatorio realizar as correspondentes probas para todos os contidos mencionados. No caso de partes deixadas en branco ou non realizadas, se descontará 1 punto a calificación final de todos os contidos.

ALUMNOS CON ACI: Estos alumnos serán avaliados polas actividades realizadas na aula e fóra dela e tamén realizarán probas que se adecuarán ás capacidades de dito alumnado.

- Actitudes e traballo da clase (escenario presencial e semi-presencial)

Neste apartado valoraranse o comportamento e respecto de cada alumno cara ao resto dos compañeiros ao profesor, o traballo e o seu grado de implicación nas actividades da aula e das que se podan realizar fóra dela, e o esforzo por progresar e mellorar. Para a valoración deste apartado o profesor utilizará a observación directa, atenta e detallada, da que, a ser posible, deixará constancia no seu caderno.

A porcentaxe que ocupará a cualificación das actitudes e traballo da clase dentro da cualificación global de cada ciclo avaliativo é o 10% distribuído da forma seguinte:

- ESO

Comportamento e respecto ao profesor e compañeiros 0,2

Indicadores: É respetuoso co profesor e compañeiros

Non entorpece e interrompe o desenvolvemento das clases

Non se descentra falando e mantendo conversas

Traballo e implicación nas actividades na aula e fóra da aula 0,3

Indicadores: Trae os materiais necesarios para as clases

É puntual e asiste regularmente ás clases

Realiza o traballo asignado dentro e fóra da aula

Realiza as tarefas nos prazos requeridos

Ten unha participación activa nas actividades da aula tanto individuais coma en grupo

Esfuerzo por progresar e mellorar 0,5

Indicadores: Está atento ás explicacións

Axústase ás instrucións e pautas dadas para a realización das tarefas asignadas

Amosa interese en realizar as tarefas coa maior corrección posible cos propios medios e con esforzo persoal (non usa tradutores, non copia e pega de Internet, etc.)

Na realización das tarefas amosa unha evolución positiva acorde cos seus coñecementos previos

Presta atención ás correccións dos traballos realizados para evitar repetir os mesmos erros

Preocúpase por pedir aclaracións, axuda, etc para acadar un mellor rendemento

- Bacharelato

Comportamento e respecto ao profesor e compañeiros 0.1

Traballo e implicación nas actividades na aula e fóra da aula 0,4

Esfuerzo por progresar e mellorar 0,5

(Os mesmos indicadores descritos máis arriba)

- Actitudes e traballo da clase ESO E BACHARELATO (escenario non presencial)

Traballo e implicación nas actividades (0,4)

Indicadores: Conéctase regularmente ás clases telemáticas

Realiza todo o traballo asignado

Realiza as tarefas nos prazos requeridos

Ten unha participación activa nas clases a distancia cando se require a interacción

Esfuerzo por progresar e mellorar (0,6)

Indicadores: Está atento ás explicacións

Axústase ás instrucións e pautas dadas para a realización das tarefas asignadas

Amosa interese en realizar as tarefas coa maior corrección posible cos propios medios e con esforzo persoal (non usa tradutores, non copia e pega de Internet,etc.)

Na realización das tarefas amosa unha evolución positiva acorde cos seus coñecementos previos

Presta atención ás correccións dos traballos realizados para evitar repetir os mesmos erros

Preocúpase por pedir aclaracións, axuda, etc para acadar un mellor rendemento

CÁLCULO DA NOTA FINAL DE CURSO:

1ª AVALIACIÓN 20% 2ª AVALIACIÓN 30% 3ª AVALIACIÓN 50%

A nota final calcularase sumando os resultados obtidos despois de aplicar as porcentaxes correspondentes a nota acadada en cada avaliación

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

▪ Educación Secundaria Obrigatoria

1. As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.
2. Os alumnos e as alumnas terán promoción de curso no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

▪ Bacharelato

Os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro.

PROBAS EXTRAORDINARIAS

Estas probas realizaranse de maneira conxunta polos profesores do departamento de xeito que haxa unha proba única para cada nivel de E.S.O. e Bacharelato. Con este motivo o departamento celebrará no seu momento unha reunión onde se levará a cabo a elaboración das devanditas probas extraordinarias.

Características da proba extraordinaria para a ESO e os criterios de cualificación que se aplican :

A proba constará de varias preguntas baseadas nos contidos mínimos esixidos para o nivel correspondente. As cuestións de dita proba cubrirán os seguintes contidos:

- Compresión escrita
- Expresión escrita
- Coñecemento da lingua (Grammar and vocabulary)

Deste xeito haberá tres bloques de preguntas que en total sumarán un 100% repartido da seguinte maneira:

- Compresión escrita (10%)
- Expresión escrita (35%)
- Coñecemento da lingua (55%)

Para superar a proba o alumno debe acadar unha porcentaxe mínima dun 50%.

Características da proba extraordinaria para o 1º Bacharelato e os criterios de cualificación que se aplican :

A proba constará de varias preguntas baseadas nos contidos mínimos esixidos para o nivel correspondente. As cuestión de dita proba cubrirán os seguintes contidos:

- Compresión escrita
- Expresión escrita
- Compresión oral
- Coñecemento da lingua

- Deste xeito haberá catro bloques de preguntas que en total sumarán un 100% repartido da seguinte maneira:
- Compresión escrita (15%)
- Expresión escrita (25%)
- Compresión oral (10%)
- Coñecemento da lingua (50%)

Para superar a proba o alumno debe acadar unha porcentaxe mínima dun 50%.

Características da proba extraordinaria para o 2º Bacharelato e os criterios de cualificación que se aplican :

Modelo proba:

- Question 1: Reading text: summary – True/False – Find the words (2) summary: 0,8, T/F:0,6, find words:0,6
- Question 2: Pronunciation – Transformations (2) pronunciation: 0,5 transformations: 1,5
- Question 3: Grammar and vocabulary (libro de texto:Out&About) (2) grammar: 1,5; vocabulary: 0,5
- Question 4: Writing (3)
- Question 5: Listening (1)

Para superar a proba o alumno debe acadar unha porcentaxe mínima dun 50%.

Tamén se acordou que tódolos membros do departamento deberán asistir ás probas de setembro, xa que o disparatado calendario para a realización das probas e a posterior avaliación fará necesario a asistencia e participación de tódolos membros do departamento en tódolos exercicios.

ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE PENDENTES

O Departamento de lingua inglesa, a través do seu xefe, coordinará as actividades de recuperación que se establezan en función das necesidades específicas do alumnado coa materia de inglés pendente.

- **Os/as alumnos/as de ESO** recibirán esas actividades programadas polo Departamento para que acaden unha recuperación efectiva. O profesor correspondente fará un seguimento desas actividades que xunto a diversas probas proporcionarán a cada profesor os instrumentos necesarios para a avaliación do alumno. **Realizarase unha proba por avaliación:** a primeira ao longo de novembro, a segunda en febreiro e a terceira proba farase ao longo do mes de abril. De non superarse estas probas de cada unha das tres avaliacións, os alumnos realizarán unha proba final no mes de maio.

Tanto as probas de cada avaliación como a proba final constarán de exercicios de:

- Exercicios de coñecemento da lingua (gramática e vocabulario) 55%
- Exercicio de comprensión escrita 10%
- Exercicio de expresión escrita (35%)

Os/as alumnos/as de Bacharelato recibirán actividades programadas polo Departamento para axudarlles a unha recuperación efectiva mediante a realización dunha proba. Esta proba pódese realizar en xaneiro e tamén en febreiro. Ademais, o alumnado pode realizar dita proba de recuperación na data que o centro marque para a celebración das probas oficiais para materias pendentes de final de curso. Dita proba constará de:

- Exercicios de coñecemento da lingua (gramática e vocabulario) 50%
- Exercicio de comprensión escrita 15%
- Exercicio de expresión escrita. 35%

Esta proba non é unha proba parcial, senón que cubrirá toda a materia a recuperar de 1º Bacharelato.

PROCEDEMENTO A SEGUIR CON ALUMNADO QUE COPIA OU DEIXA COPIAR EN EXAMES

Na circunstancia en que se descubra a un alumno ou alumna copiando ou deixando copiar nun exame, o/a profesor/a retirará de inmediato o exame ao alumno/a e outorgará a cualificación de 0 a dito exame.

É obrigatoria a puntualidade para a realización de exames. Non se permitirá a realización dun exame ao alumnado que chegue tarde.

ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO

Será requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado/a na materia de segundo. Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases de lingua estranxeira I, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e se lle propondrá ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas. Ademais, o alumnado deberá realizar probas parciais (unha proba por avaliación) para verificar a superación desa materia.

AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase durante a primeira semana do curso escolar.

AVALIACIÓN INICIAL ESO

Procedementos: Actividade de produción escrita e/ou diagnostic test.

Nos cursos da ESO, a avaliación inicial servirá ao profesor para obter información das capacidades do alumno para:

- Organizar o texto escrito de maneira sinxela coa suficiente cohesión interna e coherencia con respecto ao contexto de comunicación.

- Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipsis, yuxtaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).
- Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos haxa que adaptar a mensaxe.

Coñecer e aplicar, de maneira adecuada para facerse comprensible case sempre, os signos de puntuación elementais (p. e. punto, coma) e as regras ortográficas. Este exercicio permitirá a adopción de medidas axustadas aos resultados obtidos en dito exercicio.

As medidas fundamentais serán:

- Facer os agrupamentos para os desdobres de conversación de acordo coas distintas competencias do alumnado.
- Proporcionar ao alumnado actividades de reforzo para solventar as carencias mostradas no exercicio da avaliación inicial. Propórtese tarefas que requiran a posta en práctica básicas (p. e. uso de maiúsculas e minúsculas, ou separación de palabras ao final de liña).
- todas as competencias do alumnado e que favorezcan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación.

AVALIACIÓN INICIAL BACHARELATO

Procedementos: Actividade de produción escrita , actividade de comprensión oral e/ou test diagnóstico

Estas actividades proporcionarán a información necesaria para comprobar o nivel de coñecementos previos do alumnado, que permitirá ao profesor implementar as medidas de reforzo que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado con tarefas que favorezcan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento xestionará a realización de diversas actividades, como a participación en cursos durante as vacacións estivais, sobre todo aqueles ofertados por institucións educativas como a Consellería de Educación ou o Ministerio de Educación e Ciencia.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS NOS CURSOS DA ESO E NO BACHARELATO

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC. Como é de esperar, na materia da lingua inglesa trabállanse principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC a través de:
 - O uso opcional do iPack en todas as leccións para a presentación e práctica dos contidos tanto do Student's Book coma do Workbook.
 - Recursos nas web das editoriais dos métodos utilizados nos distintos cursos con artigos e podcasts, contido interactivo, actividades prácticas, documentais en video, exames de práctica, idioms, etc.
 - En 1º bacharelato, o uso dunha aplicación, VOCApp, para practicar o vocabulario, a pronunciación, realizar traducións, etc. nun smart phone.
 - A versión do libro dixital: Workbook.
 - O uso das TIC para a busca e contraste de información relacionada coa aprendizaxe da lingua.
- Desenvolvemento de actividades que promoven tanto o traballo cooperativo como colaborador. Exemplo do desenvolvemento das devanditas destrezas son debates sobre temas que suscitan controversia ou conversacións entre os alumnos.
- Emprendimento: Desenvolvemento de actividades que esixirán ao alumno ser asertivo á hora de dar a súa opinión, flexible e cooperativo. Favorecerase o desenvolvemento de calidades como a imaxinación, creatividade, confianza en si mesmo ou o sentido crítico. Os alumnos adquiren autonomía a medida que avanza no coñecemento da lingua.
- Educación en valores sociais: xa que o coñecer unha lingua implica o coñecemento de trazos sociais e feitos culturais vinculados aos falantes destas e que poden ser traballados paralelamente á unidade.
- Educación moral e cívica: a importancia de coñecer e respectar outras formas de vida e cultura diferentes á nosa, que se expresan mediante a súa indumentaria e aspecto externo. ➤ Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: a lingua inglesa, como reflexo dunha realidade sociocultural, fomenta nos alumnos a reflexión sobre este tema, a través de termos que fan referencia ás persoas sen especificar o sexo: friend, parents, children, cousin, student, teenager. ➤ Educación para a paz: Respeto por sociedades e culturas distintas á propia. Toma de conciencia da contribución de mulleres e homes de diferentes

- partes do mundo ao acervo cultural e ao progreso pacífico. ➤ Educación do consumidor: a reflexión sobre este tema desenvólvese a partir de situacións habituais en idades adolescentes: tomar algo nunha cafetería, comprar roupa ou ir de viaxe. As situacións propostas conducen a unha reflexión sobre o hábito de consumir e a importancia de facelo dun xeito sensato.
